

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 94

ano 16

maio-xuño 2022

LETRAS GALEGAS 2022: F. DELGADO GURRIARÁN


O 25 de xuño de 1975 o poeta valdeorrés **Florencio Delgado Gurriarán** (Córgomo [Vilamartín de Valdeorras], 1903 - Fair Oaks [California], 1987) remitíalle unha carta a **Luís Soto** que acompañaba a un poema titulado “Ía a misa de doce”. O poema había de publicarse na revista **Vieiros**, nun número que nunca chegou a ver a luz. Ademais, na carta fállalle dun traballo que pensa redactar sobre a presenza dos animais na obra de **Castelao**.

Tamén lle pide a Luís Soto que lle escriba con máis frecuencia e que o teña mellor informado dos proxectos que leva entre mans: “¿Cómo vai o choio? Fai o favor de escribir para saber o que tés, para non repetir cousas, e tamén, cando tencionades facer a publicación. Todo isto prometíche dicirno por carta, máis aquí non chegou nada ... Non sexas preguiceiro. Contesta axiña”. Esta demanda responde ao feito de que Florencio residía en Guadalajara (Jalisco) mentres que o restante grupo de exiliados galegos comprometidos con actividades culturais e políticas vivía en México D. C. Tal circunstancia dificultaba a implicación do poeta valdeorrés nas iniciativas desenvolvidas polo núcleo residente na capital mexicana, como revela nesta e noutra carta máis explícita remitida a Carlos Velo en 1958.

O **Día das Letras Galegas** do ano 2022 dedícase-lle a Florencio Delgado despois de que durante longo tempo se reivindicase este recoñecemento por parte de persoas e colectivos de Valdeorras que consideraban que a vida e a obra deste poeta non podía quedar esquecida. Loitaron arreo unindo as forzas culturais e sociais da comarca para conseguir que a **Real Academia Galega** lle outorgase esta merecida homenaxe.

Pero no camiño quedaron esquecidos algúns nomes que deberían ir parellos ao do corgomés agasallado. Un deles, o máis importante, é o de **Xosé Gayoso Díaz**, un intelectual, militar, avogado e mestre que dedicou unha boa parte da súa vida a rescatar da sombra un gran poeta e humanista do que era veciño, amigo e democrata coma el. Como militar, cando loitaba por unha causa xusta, non abandonaba. Conseguiu para Florencio os dous primeiros recoñecementos: o nomeamento como membro de mérito do *Instituto de Estudios Valdeorreses* (IEV) e o de membro non numerario, correspondente en México, da *Real Academia Galega*.

Xa se albiscaba unha fenda que iluminaba a figura e a poesía de Florencio. E fixo máis: que *Edicións do Castro*, da man do IEV, do que foi primeiro presidente, publicase en 1981 *Cantareñas*, “o cancionero de Valdeorras, do viño, dos castiñeiros, da natureza, da nosa Galicia infinda”, en palabras vertidas por Gayoso no limiar do devandito libro. E, non conforme, procurou que Florencio presentase o libro, pregoara as Festas do Barco de Valdeorras de 1981 e que, finalmente, a *Real Academia* lle adicase o *Día das Letras Galegas*.



1975, xuño, 25. Guadalajara (México)
Carta de Florencio Delgado Gurriarán a Luís Soto, remitíndolle un poema para ser publicado na revista *Vieiros*.
Papel, escritura mecanografiada; galego; 215 x 280 mm.
AHPOU, Luís Soto Fernández, C.14630/57

Valdeorrés de nación

Florencio Delgado Gurriarán nacera o 27 de agosto de 1903 en Santa Comba de **Córgomo** (Vilamartín de Valdeorras) onde transcorreron os primeiros anos da súa vida na Casa da Cruz ou Casa do Escudo, da que se reproduce unha fotografía obtida na década de 1980. O inmoble pertencía á familia da súa nai, Consuelo Gurriarán Díaz, e máis en concreto, á rama dos Díaz.

Trátase dunha casa grande que responde ás características propias da **arquitectura valdeorresa** construída coa típica pedra vermella desa comarca. Só viviu nela os seus primeiros seis anos, posto que, debido ao emprego do seu pai como funcionario do Ministerio de Fomento, a familia abandonou Córgomo en 1909 para residir sucesivamente en Ourense, Palencia, Valladolid e Madrid.



A casa natal de F. Delgado en Córgomo (Vilamartín de Valdeorras) na década de 1980. AHPOu, Colección fotográfica, álbum 9/8

Aínda que boa parte da súa infancia e mocidade transcorreu fóra de Galicia nunca perdeu o **vínculo con Valdeorras** a onde voltaba todos os veráns. En 1928 retorna a Córgomo para exercer a avogacía no Barco de Valdeorras. Nesa época comeza a publicar os seus primeiros poemarios e a participar no **movemento galeguista** tanto na súa faciana cultural como política.

O exilio mexicano

A **Guerra Civil** (1936-1939) obrigouno a fuxir de Galicia e pasar ao fronte republicano. Rematada a contenda exiliouse en **México**. Alí intentou manter contacto con todos os expatriados nese país, á marxe da ideoloxía política, moitas veces non coincidente, e participou en campañas de recollida de fondos para axudar os que atravesaban unha delicada situación económica.

Home de gran humor e cordialidade, constituíuse en peza fundamental dun grupo de exiliados, que promoveu distintas iniciativas políticas e culturais: a *Irmandade Galeguista*, o grupo *Saudade*, o *Ateneo de Galicia en México* e *A Nosa Xente*. Pero de todas estas iniciativas a entidade que tivo máis proxección foi o **Padroado da Cultura Galega**, creado en 1953. Á parte de Florencio, foron destacados membros dese grupo Carlos Velo, Luís Soto e Roxelio Rodríguez de Bretaña.

Tamén participou na creación da revista **Saudade** (1942-1953) e en publicacións promovidas polo *Padroado* como o libro *Presencia de Galicia en México* (1954)

e a revista **Vieiros** (1959-1968), da cal Florencio foi codirector dos primeiros números e na que publicou parte da súa obra poética, así como textos en prosa. Mantiña correspondencia con todos os intelectuais galeguistas residentes en Galicia, Arxentina e outros países e recibía na súa casa outros exiliados que tiñan problemas legais ou económicos.

Ben que daba a guerra por perdida, sen posibilidades de recuperar o poder que lle deran as urnas á República, Florencio seguía fiel á súa ideoloxía de republicano e galeguista, utilizando as únicas armas coas que contaba: a palabra, a pluma e a poesía. Non retornou a Galicia ata 1968, ano no que puido reencontrarse coa súa Valdeorras natal, coa familia e cos vellos amigos. Volveu de novo en 1976 e 1981 e na última viaxe foi homenaxeado cumpridamente polo pobo de Valdeorras.

A súa obra literaria

Florencio, entre tanta actividade, nunca parou de escribir versos que publicaba en diferentes revistas. A **evocación de Valdeorras** impregnou toda a súa obra na que destacan os poemarios *Bebedeira* (1934), *Galicia infinda* (1963), *Cantarenas* (1981) e *O soño do guieiro* (1986). Por outra banda, traduciu poemas franceses e ingleses xunto con Luís Blanco Tobío e Plácido R. Castro: *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (1949).

Xosé Gayoso Díaz definiuno como **“poeta do amor e do viño”**, xa que derrama amor en cada unha das súas poesías: “é un amor universal, desde as herbiñas do chan aos bichiños de Deus; amor ás fontes, aos ríos, aos montes, aos pobiños do val, a Valdeorras, a Galicia, ao mundo enteiro, a Galicia infinda, que é a terra toda”. Pero, tamén, “canta ao eterno dúo do amor do home e da muller entre tódalas cousas da natureza; ao vento e á rosiña branca ao sol e á terra”.

Di Gayoso que se trata dunha **poesía báquica**, diónisiaca. *Bebedeira* ten unha dedicatoria que por si mesma é un poema: “as retortas cepeiras, barroco motivo da verde sinfonía do meu val; aí viño de Valdeorras, que é o millor do mundo”. *Bebedeira* é o cancionero do viño, da súa terra, de Galicia e de todas as cepeiras.

Florencio Delgado no AHPOu

Os documentos de F. Delgado Gurriarán que se conservan no Arquivo Histórico Provincial de Ourense están en relación coa súa dimensión de activista político e cultural do exilio galego en México. Forman parte do fondo documental de **Luís Soto Fernández**, persoeiro que xogou un papel central nas actividades dos exiliados galegos nese país.

Trátase na súa maioría de poemas, pero tamén se pode atopar correspondencia e algún texto en prosa. Nun destes últimos (“Letras Galegas na Nova Hespaña”) reivindica a importante tarefa realizada a prol da cultura galega polos exiliados en México, eclipsada en parte pola dos expatriados en Arxentina.

Texto: Aurelio Blanco Trincado. DL O 67/2006; ISSN 2659-3491